

A continuación infórmase dos acordos da reunión en sesión ordinaria do Consello de Goberno, que tivo lugar o día 18 de setembro de 2020 na Sala 18 do Campus Remoto da Universidade de Vigo, que poden ser do seu interese:

- * Aprobación da acta correspondente á sesión ordinaria do 28 de xullo de 2020.
- * Aprobación de axustes nas modalidades de comezo da docencia para o curso 2020/2021.
- * Aprobación das memorias para as solicitudes de verificación e modificación de títulos de máster e doutoramento.
- * Aprobación da delegación na COAP da aprobación da memoria para a solicitude de verificación do título de grao en relacións internacionais.
- * Desestimación dos recursos de reposición contra o acordo do Consello de Goberno do 24 de marzo do 2020 polo que se establecen os criterios para a elaboración do POD para o curso 2020/2021.
- * Aprobación da extensión da data límite de entrega de actas para TFG y TFM ata o 11 de decembro do 2020.
- * Aprobación do programa de captación de persoal investigador seleccionado nas convocatorias do Consello Europeo de Investigación (ERC).
- * Aprobación da convocatoria 2020 do programa de captación de talento investigador de excelencia.
- * Aprobación da creación do comité de asesoramento sobre a COVID-19 e do sistema de selección dos seus membros.

O secretario xeral

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte á publicación da presente resolución, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.